

culturas

CREACIÓN • ARTES PLÁSTICAS • MÚSICAS • LITERATURA • CINE • TEATRO • POESÍA • FOTOGRAFÍA • DANZAS • VIDEO • IDEAS



Xosé Miranda e Antonio Reigosa, vellos coñecidos e amigos que traballan en proxectos conxuntos, coincidiron nos galardóns de Xerais

ÁLVARO BALLESTEROS

O camiño francés DE XERAIS

Chove en Compostela. Por enriba do manto de auga caeu xa o manto da noite. As luces do Instituto Galego da Información loitan por rachar a obscuridade. Unha vez máis, Isaac Díaz Pardo abre o seu corazón e a súa casa as xentes da cultura galega. Pouco a pouco van chegando todos, ou casi todos, a un escenario redondo, como os castros espallados polos outeiros do país. Non hai velliños de longas barbas que contan historias.

RODRI GARCÍA

As modernas técnicas permiten ir lembrando en imaxes o que foron os catorce anos anteriores da entrega dos premios Xerais de novela e ós doce do Merlín de literatura infantil.

Este ano a festa de Xerais ten un algo especial. Os pactos comerciais cos franceses despertan medos non contados. Naquel país tamén teñen pequenos territorios de linguas propias que precisan axuda e atención. Pero eses pensamentos son afastados por unha fada, a xornalista Rosa Castro, que na noite desde penúltimo sábado de outubro, anuncia o comezo da festa. A partir dese momento, a palabra convértese en protagonista.

O druída, con barbas xa canas é Salvador García Bodaño, mantedor ó vello xeito das festas minervais. Fala, non podía ser menos, da súa Compostela, dos miles e miles de peregrinos que pasan a carón do lugar no que se atopa.

O vento non deixa oír o eco das pasadas dos camiñantes que se achegan o Apóstolo polo camiño francés. A Bodaño sóbralle premios literarios, «desde que hai quince anos empezou o Xerais foron aparecendo moitos, ó mellor excesivos», pero pide a todos, cun berro final, «que non se perda o noso mundo, que non se perda a nosa literatura».

A OBRA GANADORA É UNHA NOVELA DE AVENTURAS PROTAGONIZADA POR BANDOLEIROS GALEGOS DE MEDIADOS DO SÉCULO PASADO

Tócalle a quenda á palabra cantada, recitada, a un *Río de son e vento* no que César Morán e unha dúcia de músicos converten en cancións poemas de Méndez Ferrín, Rosalía de Castro, Rodríguez Fer, Lino Braxe ou Manuel Rivas. Son sete temas, un adianto do que será o primeiro disco de Xerais Media.

Mentres soa a música, nove es-

critores agardaban un veredicto. Cinco deles chegaron á última reviravolta do camiño para acadar o premio Xerais de novela. Catro aspiran ó Merlín. Como sempre, os rapaces son os primeiros e contan que o humor engaiolante e o selo da literatura popular que alenta na obra presentada co lema de *A gollilleira* fixo que deciden darlle o premio Merlín. An-

tonio Reigosa Carreira baixa desde a última bancada ó centro do escenario. Alí explica que o seu libro, *Afonso, Alfonso. Memorias dun raposo*, recolle unha historia que «eu lle contaba ós meus fillos». Trátase dun raposo que fai memoria da súa vida a través dos animais que foi coñecendo, «incluído o home». Pero este non é un raposo de calquera sitio. Reguei-

ro tamén foi un neno, nacido no lugar de Zañón, en Mondoñedo, e as xentes de por alí contáronlle esta e outras historias, polo que di estarlles moi agradecido. Agarda que lle sigan contando máis.

A decisión do xurado de novela non parece doada. Xosé Luís Barreiro Rivas, en nome do xurado, artella explicacións, fala de xuíces e xuízos, «e xa saben vostedes que eu diso sei moito» (risas); asegura que buscou en tratados eruditos o xeito de dar unha explicación e ante a imposibilidade recorre ó viño. Por unha banda a ese viño que «chega no momento xusto», co prato axeitado, no seu punto; e logo doutro viño que «é bo porque nos sabe e nos gusta bebelo, sen máis». A novela gañadora, presentada co lema *Morning Star*, é como este segundo viño. Pero Barreiro, profesor universitario, sabe cando o auditorio pode quedar con dúbidas e para deixar todo moi claríño recorre á súa ironía para rematar, entre risas, que «démoslle

VIENE DE LA PÁGINA PRIMERA

o premio a esta novela porque nos deu a gana, porque nos pareceu a mellor,».

Xosé Miranda Ruiz é o gañador e seu libro titúlase *Lourenzo Tasende*. O autor defende as aventuras que se poden atopar e vivir en Galicia, como as dos personaxes da súa obra, bandoleiros de mediados do século pasado. A noite préstase para que a banda de Tomás das Congostras ou a de Lázaro Rivadulla fagan unha falcatuada como as que conta Miranda: «Non lle deu tempo a dicir nada. Saíron os homes de tras das árbores, dos currunchos escuros, e asaltárona. Golpearon a porta, entraron, colleron á criada e a empurróns metérona na coíña. Uns subiron as escaleiras e foron polo amo, outros empezaron a percorrer as estancias, buscando os cartos, os xamóns, o touciño, o viño». Os bandoleiros non entran, pero Miranda sorprende cando conta a súa gran amizade co gañador do Merlín e que xunto con Xoán Cuba, os tres están preparando unha colección sobre seres míticos, *O cabalo bulingueiro*.

Como para escorrentar medos, o maior aplauso da noite levouno un home que non esquecerá o 24 de outubro deste ano: Antón



ÁLVARO BALLESTEROS

Antón Santamarina recolleu o premio do recoñecemento de Xerais ó traballo do Instituto da Lingua Galega que el preside

Santamarina. Pola mañá leu o discurso de ingreso na Real Academia Galega, falando precisamente de lingua e linguaxe. Á noite recolleu o premio Xerais á cooperación no labor editorial, como director do Instituto da Lingua Galega. Por se fixeran falta ou para despistados, José Luis García Crego dá argumentos do que le-

va feito o ILG, «un extraordinario traballo investigador e docente, un enorme esforzo na consecución de obxectivos moi claros: o estudio, a promoción e a defensa da lingua». Ademais, «na categoría humana dos seus compoñentes atopamos sempre unha axuda fraternal e desinteresada» e «a contribución do ILG á nor-

malización lingüística e cultural está a ser decisiva na historia da nación galega». Santamarina ten que achegarse ó micrófono para que paren os aplausos. Alí deixa constancia do traballo dunha institución que «o mesmo fai un certificado a un paisano dicindo que José en galego é Xosé, que asesora a unha editorial».

Tres lucenses protagonistas da noite. Santamarina chanea logo polos corredores dicindo que son «os que démos escapado do arado».

Hai moito que agradecer, e o director de Xerais, Manuel Bragado, faino. Tamén apunta cara o camiño que queda por andar e di que a adquisición por parte de Havas de Anaya, e con ela de Xerais, será «un paso decisivo na consolidación do noso proxecto como empresa líder do proceso de normalización cultural e editorial en lingua galega». Bragado fala «dun proxecto monolingüe, sempre ó servizo das necesidades do país que se enmarca agora nun novo ámbito europeo e multi-soporte que nos proporcionará novas e melloradas posibilidades para afrontar os difíciles retos do cambio do milenio». Explica que «neses novos soportes consolidarase a nosa lingua» e anuncia que a editorial seguirá sendo, despois de 19 anos, «un proxecto de soñadores, conscientes de que libran a difícil batalla pola lectura en lingua galega» en moitos sectores da sociedade. Fóra segue chovendo. O vento non deixa escoitar as pasadas dos peregrinos que percorren o camiño francés. Xerais está tamén nese camiño francés, pero polo de agora, percórreo cara a Compostela.

Tomás das Congostras

(Fragmento da novela «Lourenzo Tasende», ganadora do Xerais)

Polo que me contou despois Carlos, sei que non permanecín moito tempo na auga. De seguida me sacaron e me deitaron no chan, a carón do pozo. Pensaron ó principio que estaba afogado, e sobreíu a causa deso unha rifa tremenda entre o home que acababa de chegar e o Xudas. Carlos, que estaba berrando e chorando mentres me torturaban, non se decatou da súa presenza ata que, entre as bágoas que lle nubraban os ollos, viu que se dirixía ó peitoril e ollaba abaixo. Preguntou quen eramos e fíxose inmediatamente un brusco silencio, que afogou as gargalladas dos bandoleiros, as queixas de Campanachoca e as blasfemias de Matías, que xuraba vingarse. Foi o cego o que lle contestou, e sen máis explicacións o home tiroulle a corda ó Xudas, esgazándolle a camisa, e ergueume. Deitome sobre a terra, ó carino do sol, esculcou as miñas mans pechadas, as meixelas cianóticas, as esgazaduras dos meus pulsos e as roupas enchoupadas, e non dixo nada. Pero só coa súa ollada moitos encoléronse e puxéronse a tremer.

Xudas intentou dar explicacións, que, aínda que falo de oídas, deberon ser máis ou menos así:

—É o fillo de Tasende. Se deixamos que volva onda o seu pai, estou perdido.

—Calquera diría que tes medo dun rapaz. Un home coma ti, lugartenente da gavela, que merenda civís e almorza vontarios da defensa, e fai as filloas co sangue dos xuíces.

—De sobra sabes que non teño medo de nada, nin sequera de Lázaro. Nin de ti —dixo o bandido, e ollou de fronte (el, que sempre miraba de esguello ou por tras) ó seu capitán.

—Un home intelixente ten medo cando debe. E un home parvo, cando non debe. Agora non debes. É un rapaz.

—Un rapaz que pode irle co conto a Lázaro, e son home morto. E ti, vós —dixo, e cun xesto do brazo abrangeu a toda a gavela—, quedades sen saber onde está o cofre por un capricho.

—Se o neno está morto vasme responder por el. Non mandei matar a ningún, hoxe. Non vexo que beneficio tiramos desto. Antes o contrario. E con este —dixo o capitán, sinalando a Carlos—, ¿que vas facer? Terás que matalo tamén.

—Sábelo de sobra.

Tomás sorriu e volveuse cara a Carlos, que se apresurou a falar e a defenderse.

—Nós non imos dicir nada. Eu nin sequera sei quen son vostedes, señores, nin teño tratos con eses homes dos que falan, e o meu primo, se está vivo —e neso olloume, saloucando—, non lles quere ben, así que non teman nada. Xúrollelo por Deus.

—Non blasfemes, cativo —dixo o capitán—. Se empezas blasfemando podes acabar coma un destes prosmas. Crémosche o que nos dis, sen necesidade de xuramentos, e sabes por que cho cremos? Pola conta que che ten.

—Non sexas imprudente, hai que mata-

los —dixo de novo o Xudas—. Mátaos dous, e rematado o asunto. Veña.

—Aínda son eu o capitán, mano. Non o esquezas. Mando eu. E ti obedeces.

—Mais o que xoga o pescozo son eu. Ti estás aquí, rodeado polos teus, e eu méteme na boca do lobo.

—¡Cala, papón! —ameazou Tomás, e Xudas levou a man á faca. Pero se seguida a retirou e calou.

—Eu sigo crendo que non é de homes torturar dese xeito un neno —dixo Campanachoca—. Eso que fixestes non me gustou. Non. Se queredes matalos, pola rápida. Unha puñalada e dúas pas de terra. Pero, como di o capitán, ¿ou non o dixo aínda?, se cadra valen máis vivos. Xa lle dixen ó Matías que non o escalazase. Se se lle volve ó Lourenziño, volverllo enteiro. Se non, darlle terra. ¿Non é? E, se cadra, é o máis doado. Entérranse e xa está. Pero a min non me vai enterrar un cristián sean as correspondentes oracións, e sen oficio, e sen padre. Non. ¡Ca!

Os homes calaron. Todo ese tempo eu estaba deitado no medio deles, que formaban un grande círculo en torno ó pozo que pensaban que era o meu cadáver, coas mans e os ollos pechados. Soltaron a Carlos, que veu onda min e puxo a orella no meu peito. Decatouse de que alentaaba e colleume polos pulsos, pero non lles dixo nada. Pouco a pouco fun revivindo e comecei a dar sinais de que recuperaba a conciencia.

Por fin sentei, abrí os ollos e ollei arre-

dor. E vin un home groso e baixote, moi robusto, musculoso, de cara ancha e grandes fazulas coloradas, barba negra e descoidada, pelos crechos, rizados e longos, que lle tapaban a fronte e recollía sobre o lombo, onde lle formaban unha coleta, cunha cinta. Non usaba chapeu e unhas gotas de suor escorríanlle pola cara ata a camisa. Levaba calzóns escuros e polainas a xogo, moi suxas e gastadas. Sorría moito, era birollo e o ollo malo, saínte coma un ovo de pita, miraba sempre de lado. Na cara redonda o nariz era tamén redondo, e uns poucos dentes negros asomaban ás veces entre os labios. En conxunto o seu traxe semellaba dun estilo desusado, aínda que recoñecín o tipo de chaqueta negra que levaba, inzada de remendos, como do sur.

Apuntoume coa man e observei as mangas desgastadas, brillantes, cheas de cotra. Eran unhas mans grosas, como el mesmo, de dedos carnosos, coas unllas rotas e renegridas. Sacou un coitelo serrado e amosouno.

—Ben, rapaz —díxome, moi serio—. Desta vas librar. Pero ten conta de que libras porque eu quero algo de ti, e non me falles. Quero que, cando eu te chame, acodas. Quero que apuntes mentalmente tódolos movementos do teu pai e do Rivadulla e que mo contes cando cho pida. E quero que, se oes algo dun tesouro, ou dun cofre, ou dun botín, me veñas buscar e inmediatamente me informes. ¿Que-dou claro?